



Queridos irmáns,

Por graza de Deus, celebramos un ano máis a Semana Santa, con toda a súa riqueza litúrxica, de vivencia de fe. Participaremos nos acontecementos salvíficos que se conmemoran solemnemente estes días como un único Pobo de Deus, unidos nos nosos templos e tamén nas nosas rúas, nos xestos de piedade popular e de recolleto íntimo e persoal.

Seremos así “peregrinos de esperanza”, segundo o lema deste Xubileo ordinario romano, no que lembramos o fundamento da nosa vida e da nosa paz: a fe no Fillo de Deus, que nos amou e se entregou por nós.

Esta semana Santa queremos profesar de novo a nosa fe, afirmar a certeza de que a nosa esperanza non defrauda, non declinará nunca. Porque quen nos separará do amor de Cristo? a tribulación?, a angustia?, a fame?, a nudez?, o perigo? a espada? En todo isto vencemos de sobra grazas a Aquele que nos amou. (Rm 8, 15-16)

En cada día, en cada paso da Semana Santa contemplaremos como o Señor venceu, en plena comunión co Pai, movido polo amor por nós e a nosa salvación.

Aceptou docilmente a flaxelación, toda a dor que os golpes dos homes podían infrinxirle, en todo o seu corpo. Pero a paciencia do seu amor foi máis grande,

que non se guiaba polo que lle convíña a El, de modo inmediato, na súa carne e no seu sangue; senón pola afirmación da vontade do Pai, que é Amor e o único de quen esperar a misericordia e o perdón para os homes, a vida verdadeira para os seus irmáns.

E aceptou a coroa de espiñas, o escarnio dos poderes deste mundo, que se pretenden absolutos, por encima do home, desprezando e burlándose da súa dignidade. Pero Xesús non se dobregou a este poder do mundo, sufriu a súa violencia e desmesura, e situouno no seu lugar, nos seus límites: a obediencia á verdade de Deus e do home. E de novo, permaneceu no amor ao Pai, á súa vontade boa, cun corazón que non crebaban sufrimentos, nin desprezos; e non rexeitou a misión encomendada ante a incompreensión e o rexeitamento violentísimo de quen poñía a confianza na propia forza e poder, non esperaban en Deus nin tiñan compaixón do home.

E contemplámolo na súa maior vitoria, alzado na cruz, cando todas as dores e as amarguras que pode causar o pecado do mundo foron causa só de que a súa entrega e o seu amor chegase a cumprimento en toda a súa anchura e profundidade, confiada a alma nas mans do Pai, certo do seu designio bo, e ofrecida a súa vida e a súa Persoa polos seus irmáns, aos que non abandona nin nega, nin sequera nestes momentos, ante a percepción máis dura do noso pecado, da nosa maldade, cegueira e obstinación.

Pero o Señor resucitará con toda a gloria do Pai e encomendaranos: dicidelle aos meus irmáns, vou ao meu Pai e ao voso Pai, ao meu Deus e ao voso Deus.

Por iso nós contemplamos e seguimos os seus pasos en Semana Santa, celebramos o misterio da súa Pascua, para ofrecerlle a nosa fe, para profesar, a nosa esperanza no seu amor, sen pechar os ollos a ningunha dor a ningunha das maldades que danan a vida.

Vemos o mundo, cargado de problemas e sufrimentos, de guerra e calamidades, de soberbia, egoísmo e avaricia.

E afirmamos que o noso Redentor vive, que a nosa esperanza non declina nunca, que nós queremos pedir perdón en primeira persoa polos nosos pecados, e auxilio para nós mesmos e para o noso mundo.

Queremos ser “peregrinos de esperanza”, que a anuncian, seméntana, fana posible; porque a levan no corazón, fundada no amor vencedor do Señor, que contemplamos de modo especial con agradecemento profundo un ano máis esta semana Santa.

Que o Señor nos bendiga, nos dea paz, graza e alegría a todos, e esperanza ao noso mundo.

Felices Pascuas a todos!

+Alfonso,
Bispo de Lugo